



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Mesa de Contratación. Constitúese a Mesa de Contratación integrada polas seguintes persoas:

Francisco Cacharro Gosende (presidente)
Luis Tros de Ilduya Guerendiain (vogal Intervención)
Juan Ramón Costas Núñez (vogal Asesoría xurídica)
José Javier Rivera Martínez (secretario)

Previa convocatoria ao efecto, constitúese a Mesa de contratación ás 09:00 horas do 17/10/2022, nas dependencias do Servizo de Contratación, para tratar, entre outros, os seguintes asuntos da ORDE DO DÍA:

1. Apertura do arquivo 1, documentación administrativa, admisión de licitadores e, no seu caso, apertura do arquivo electrónico 2, oferta técnica, referente á seguinte licitación:

— CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN E MOBILIDADE VERTICAL NA CONTORNA DA PRAZA DAS MERCEDES E NA RÚA ARTURO PÉREZ SERANTES (expediente núm. 2022026621)

2. Rogos e preguntas

3. Aprobación da acta da sesión

O secretario pregunta aos membros asistentes se, á vista das ofertas recibidas, se atopan nalgunha situación susceptible de xerar conflito de intereses. Ningún dos asistentes manifesta atoparse en situación de conflito de intereses. Todos os integrantes da Mesa se comprometen a asinar Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de conformidade coa Orde HFP/1030/2021.

Por parte dos integrantes da Mesa procédese á apertura do arquivo electrónico un, documentación administrativa, referente ao expediente para contratar por procedemento aberto as obras do proxecto de humanización e mobilidade vertical na contorna da Praza das Mercedes e na rúa Arturo Pérez Serantes (expediente nº 2022026621), concluíndo o proceso de desencriptado do arquivo ás 09:17 horas, segundo consta na plataforma Vortal.

Concluído o proceso de cualificación da documentación administrativa o resultado da cualificación é o seguinte

Nº	LICITADORES	CUALIFICACIÓN
1	UTE Oreco Balgón SA- SERANCO SAU	Admitido
2	Extraco, Construcións e Proxectos SA	Admitido
3	UTE Prace Servicios y Obras, SA – Construcciones, Obras y Viales, SA	Precisa emenda (1)

(1)

En relación ao compromiso de constitución da UTE:

Faise referencia a lexislación derrogada (RD Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño) en lugar do artigo 69 da Lei 9/2017, de Contratos do sector público.

Indícase un enderezo físico a todos os efectos. Posto que se trata dunha licitación electrónica é necesaria a designación dun enderezo electrónico para a práctica de notificacións.





Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza de San Martiño, nº 2 -1
32005-Ourense
Tfno. 988 269 333
e-mail: contratacion@ourense.es

En relación aos DEUC:

Construcciones, Obras y Viales SA declara as seguintes clasificacións: Grupo G, Subgrupo 3, Categoría 6.

Prace, Servicios y Obras SA declara as seguintes clasificacións: Grupo J, Subgrupo 1, Categoría 1.

TK Elevadores, SLU, empresa coa que integran a solvencia técnica, declara as seguintes referencias de clasificación: Grupo J, Subgrupo 1, Categoría, 4.

Posto que o artigo 4 do PCAP establece as seguintes clasificacións para poder participar na licitación (Grupo G, Subgrupo 3, Categoría, 4; Grupo G, Subgrupo 6, Categoría, 4 e Grupo J, Subgrupo 1, Categoría, 4), as referencias declaradas non permiten acreditar a clasificación no Grupo G, Subgrupo 6, Categoría 4.

Efectuada consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, a Mesa ten constatado que as clasificacións que acreditan as empresas participantes na UTE son suficientes para participar na licitación, polo que bastaría coa rectificación dos DEUC, de se-lo caso, incluíndo as referencias de clasificación omitidas.

De conformidade co exposto a Mesa acorda por unanimidade conferir un prazo de TRES DÍAS NATURAIS á UTE Prace Servicios y Obras, SA – Construcciones, Obras y Viales, SA para que corrixa a documentación administrativa nos termos indicados. A devandita documentación deberá achegarse debidamente asinada electronicamente a través do rexistro na sede electrónica do Concello de Ourense.

Non habendo rogos nin preguntas, a presidencia dá por concluído o acto.

A presente acta formalízase coa consideración de documento administrativo público aos efectos do previsto no artigo 26 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sendo asinada sen unidade de acto polas partes mediante firma electrónica ao abeiro do previsto no artigo 10 do mesmo texto legal.

Ourense, na data da sinatura electrónica.

